



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE OUTUBRO 2006

1.- Resumo

Mes moi extremo, con intensas choivas e temperaturas altas

O mes de outubro estivo claramente marcado pola alta variabilidade, que deixou importantes cantidades de chuvia, con rexistros record, ou moi próximos ós records dos derradeiros 30 anos, pero tamén altas temperaturas. Así durante os primeiros 11 días do mes a situación estivo dominada polas baixas presións e os ventos do sudoeste, que deixaron temperaturas suaves, pero intensas chuvias, destacando principalmente as rexistradas o día 2 particularmente no litoral atlántico. Entre os días 12 e 15 as altas presións pasaron a dominar claramente a situación, deixando 4 xornadas de tempo seco e soleado. A partir do día 16 e ata o 26 Galicia viviu 10 días consecutivos con tempo moi adverso. Un centro de baixas presións mantívose estacionario fronte da costa portuguesa, moi preto de Galicia, deixando intensas choivas e ventos fortes no litoral. Iso si, estes ventos foron en todo momento de compoñente sur, o que fixo que as temperaturas fosen moi suaves nestas xornadas. En canto as choivas destacou claramente o período entre o 19 e o 22, e concretamente estas dúas xornadas, con rexistros que se achegaron ós 100 l/m² en puntos do litoral atlántico. A partir do 27, as altas presións, xunto cos ventos do sueste deixaron 4 xornadas consecutivas de tempo seco e soleado e desta volta con temperaturas moi altas, particularmente na xornada do 29 cando toda Galicia, a excepción do norte de Lugo superou os 25°C.

Precipitación: As precipitacións durante este mes superaron ás normais en toda Galicia. As áreas onde se rexistraron máis precipitacións foron a provincia de Pontevedra e o sur de A Coruña onde os acumulados deste mes se sitúan entre o dobre e o triple da media dos 30 outubro anteriores. Nestas áreas os rexistros acumulados neste mes se situaron entre os 400 e os 500 l/m².

Temperaturas: As temperaturas foron moi superiores ás agardadas neste mes, incluso con rexistros record. Este efecto é notable no conxunto do mes tanto para as temperaturas mínimas como para as máximas. O predominio de situacións de chuvia con ventos de compoñente sur e as dúas situacións anticiclónicas, particularmente á do período entre os días 27 e 30, levaron a un mes con temperaturas ven por riba da media dos 30 anos anteriores. Como exemplo podemos dicir que na estación de Lourizán a temperatura máxima se situou por riba dos 18°C durante todo o mes, con 23 xornadas por riba dos 20°C e cunha máxima absoluta de 28.7°C o día 29.

2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Labacolla/Lugo-Fingoi/ Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas móstranse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

A CORUÑA*

	OUTUBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	18.0	15.7	18.4 (1997)	12.6 (1974)
T ^a mínima media	15.3	12.7	15.3 (1997)	10.2 (1974)
T ^a mínima absoluta	11.8 (día 12)	5.6 (12/10/1999)		
T ^a máxima media	21.7	18.7	21.6 (1997)	15.0 (1974)
T ^a máxima absoluta	27.3 (día 29)	28.0 (6/10/1978)		
Precipitación acumulada	375	120	309 (1990)	18 (1978)

Comentario:

As temperaturas medias fóron 2.5-3 °C superiores ao agardado. Tanto as mínimas coma as máximas acadaron ou mesmo superaron o valor máximo da serie, rexistrados en 1997. A chuvia foi moi superior ao valor medio, superando o valor máximo dende 1973. O mes pode considerarse “moi húmido”.

* datos da estación A Coruña-estación completa, do INM.

SANTIAGO

	OUTUBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	16.3	13.4	16.4 (1997)	9.6 (1974)
T ^a mínima media	12.8	9.2	12.4 (1997)	5.6 (1974)
T ^a mínima absoluta	6.5 (día 12)	-1.6 (18/10/1992)		
T ^a máxima media	20.5	17.7	21.2 (1989)	13.6 (1974)
T ^a máxima absoluta	29.9 (día 29)	29.8 (01/10/1980)		
Precipitación acumulada	453	217	729 (1987)	45 (1986)

Comentario:

Temperaturas moi superiores (3-3.5 °C) aos valores medios agardados, especialmente no caso das máximas, que superaron o valor máximo da serie en 1997.

A chuvía acumulada foi moi superior á media agardada, quedando o mes na categoría de “moi húmido”.

LUGO

	OUTUBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	14.0	13.1	15.4 (1994)	9.3 (1974)
T ^a mínima media	9.6	8.7	10.8 (1994)	5.5 (1974)
T ^a mínima absoluta	4.0 (día 14)	-2.0 (19/10/1980)		
T ^a máxima media	19.9	17.5	21.2 (1985)	13.2 (1974)
T ^a máxima absoluta	26.9 (día 29)	31.0 (10/10/1997)		
Precipitación acumulada	263	118	394 (1987)	10 (1985)

Comentario:

Temperaturas superiores aos valores medios, especialmente no caso das máximas, 2.2 °C por riba do agardado. O ascenso das medias e as mínimas non foi tan acusado como en outros puntos de Galicia.

A precipitación foi moi superior ao agardado; o mes pode considerarse “moi húmido”.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	OUTUBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	17.1	15.1	17.8 (1989)	11.6 (1974)
T ^a mínima media	13.3	10.2	12.7 (1997, 2001)	6.7 (1974)
T ^a mínima absoluta	7.9 (día 12)	1.2 (31/10/1974)		
T ^a máxima media	22.0	20.0	23.8 (1989)	16.4 (1974)
T ^a máxima absoluta	28.7 (día 29)	31.2 (07/10/1989)		
Precipitación acumulada	436	212	596 (1987)	24 (1974)

Comentario:

Temperaturas superiores en xeral (2-3 °) aos valores medios, especialmente no caso das mínimas, 3.1 °C máis do agardado.

A chuvia acumulada foi moi superior ao valor medio agardado. O mes pode considerarse “moi húmido”

OURENSE

	OUTUBRO 2006	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	16.7	15.1	18.1 (1997)	11.6 (1974)
T ^a mínima media	12.8	9.4	12.5 (1981)	4.9 (1974)
T ^a mínima absoluta	7.6 (día 14)	-2.0 (31/10/1974)		
T ^a máxima media	21.8	20.9	24.8 (1989)	17.8 (1987)
T ^a máxima absoluta	26.5 (día 29)	33.0 (3/10/1983)		
Precipitación acumulada	288	101	282 (1987)	5.0 (1974)

Comentario:

Temperaturas superiores aos valores agardados, especialmente no caso das mínimas, 3.4 °C superiores.

A chuvia acumulada foi moi superior ao valor medio, e superou o valor máximo da serie en 1987. O mes pode considerarse “moi húmido”.